

DECRETO 156/2022 E 157/2022 DO 5 DE SETEMBRO DE 2022 QUE ESTABLECEN A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DA ESO E DO BACHARELATO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

PROMOCIÓN NA ESO:

1- Superación das materias ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias.

2- Tamén o equipo docente poderá decidir a promoción cando se cumpran TODAS as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez.
- c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3- O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias.

TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

1- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere TODAS as materias.

2- O equipo docente poderá decidir a obtención do título cando se cumpran TODAS as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

PROMOCIÓN NO BACHARELATO:

1- Superación das materias ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.

2- O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentas deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

3- As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

TÍTULO DE BACHAREL:

1- Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

2- Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou alumno que superase todas as materias AGÁS UNHA, sempre que se cumpran ademais TODAS as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a este título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco.